# FASE FINAL DIVISIÓN DE HONRA CADETE FEMININO 2017/18




## A CAÑIZA

**BM. Cañiza Construccións Os Do Couto**
**Mecalia Atl. Guardés**
**S.A.R. 2002**
**Veteris Asmubal Meaño**

saeplast

## SAÚDO DO PRESIDENTE

En nome do Clube Balonmán Cañiza quérovos dar a benvida ao noso municipio, esperando que clubes, xogadoras, adestradores, pais, nais e demais acompañantes desfrutedes con nós do que será unha festa do balonmán galego de base feminino nos vindeiros días 27, 28 e 29 de abril.

O Clube Balonmán Cañiza nace no ano 1987 e dende entón, e continuando a día de hoxe, o obxectivo non é outro que o da formación e promoción dos nenos e nenas da contorna no deporte, concretamente no balonmán, invertendo gran parte dos nosos esforzos no coidado da nosa canteira como garantía de éxito para o futuro.

Por último, gustaríame agradecer persoalmente e en nome de toda a Xunta Directiva a inestimable colaboración de todos os nosos patrocinadores así como o traballo desinteresado de pais e nais que permiten que os nosos proxectos vaian adiante.

Rubén Fernández Reinaldo,
Presidente do Clube Balonmán Cañiza

## FAMILIA CBC

O Clube Balonmán Cañiza é xa un referente do deporte na comarca do Paradanta e estase a converter no mesmo dentro da provincia de Pontevedra e de Galicia, con presenza a nivel nacional.

O primeiro equipo aséntase na 1ª Estatal, terceira categoría do balonmán nacional, onde competirá un ano máis na vindeira tempada logo de acadar a permanencia de forma matemática recentemente.

A canteira e o coidado da nosa base eríxese como un pilar fundamental para o clube e nos últimos tempos vimos realizando un importante esforzo nela. Ademais, foi a través da base, por onde chegou un dos maiores logros do clube conseguindo un campionato ligueiro en categoría infantil feminina e a correspondente clasificación para un intersector nacional, feito que esperamos poder repetir. Na actualidade contamos cun total de trece equipos dende biberón a veteranos, femininos e masculinos.




## A CAÑIZA

A localidade de A Cañiza está situada ao SE da provincia de Pontevedra contando cunha extensión total de 108,1 $Km^2$ e cunha poboación que se achega aos 5.200 habitantes distribuídos en nove parroquias. Ademais este concello érguese como a capital da comarca da Paradanta.



A esmerada e exquisita gastronomía da zona, baseada nos produtos cárnicos co xamón como abandeirado e a celebración de importantes eventos, como as antigas romarías de A Franqueira, declaradas Festas de Interese Turístico, ou a coñecida Feira do Xamón, son algúns dos seus reclamos turísticos.

## ALOXAMENTO

Dentro da oferta hoteleira e de aloxamento recomendámoslles os seguintes establecementos:

- **COMPLEXO HOTELEIRO OS DO RESERO**. Finca O Vieiro - Estrda. Crecente. 36880. A Cañiza – Pontevedra. Salida 272 autovía A-52 Autovía Rías Baixas A-52. Tlfs: +34 986652431 / +34 986652496. Mail: administracion@osdoresero.com . Web: www.osdoresero.es .

- **APARTAMENTOS TURÍSTICOS AUGUSTO:** Rúa Progreso, 26, 36880, A Cañiza, Pontevedra. Tlf: 670375500.

- **HOTEL CEMAR:** Lugar Arrocha, 0, 36890 Mondariz – Balneario, Pontevedra. Tlf: 986662377. Mail: hotelcemar@live.com . Web: www.hotelcemar.es .

## FASE FINAL CADETE FEMININA

A última praza para o intersector nacional na categoría cadete feminino para Galicia está en xogo. Os próximos días 27, 28 e 29 de abril os equipos clasificados no 2º, 3º e 4º posto da División de Honra Cadete Feminina e o campión da 2ª División da mesma categoría pelexarán por esa praza.



# EQUIPOS PARTICIPANTES



**BM. CAÑIZA CONSTRUCCIÓNS OS DO COUTO – 2º Clasificado División de Honra**




**MECALIA ATL. GUARDÉS – 3º Clasificado División de Honra**




**VETERIS ASMUBAL MEAÑO – 4º Clasificado División de Honra**




**S.A.R. 2002 – 1º Clasificado 2ª División**

## INSTALACIÓNS

O Pavillón Municipal da Cañiza, coñecido no mundo do balonmán como o ***Polvorín***, é onde se celebrará a Fase Final Cadete Feminina.



Conta cun aforo de 600 persoas, cantina, ximnasio e a oficina do clube. Está situado na rúa Carballo do Marco s/n, a carón do CPI A Cañiza.

## CALENDARIO

**XORNADA I** – Venres, 27/04/2018

16:30 REUNIÓN TÉCNICA. Pavillón Municipal da Cañiza.

**18:30 MECALIA ATL. GUARDÉS – VETERIS ASMUBAL MEAÑO**

**20:30 BM. CAÑIZA CONST. OS DO COUTO – S.A.R. 2002**

**XORNADA II** – Sábado, 28/04/2018

13:00 RECEPCIÓN OFICIAL NO CONCELLO DA CAÑIZA

14:00 COMIDA OFICIAL

**17:00 MECALIA ATL. GUARDÉS – S.A.R. 2002**

**19:00 VETERIS ASMUBAL MEAÑO – BM. CAÑIZA CONST. OS DO COUTO**

**XORNADA III** – Domingo, 29/04/2018

**10:30 S.A.R. 2002 – VETERIS ASMUBAL MEAÑO**

**12:30 BM. CAÑIZA CONST. OS DO COUTO – MECALIA ATL. GUARDÉS**

14:00 CERIMONIA DE CLAUSURA

# COLABORADORES

CONSTRUCCIÓNS
OS DO COUTO
COUTO - A CAÑIZA
TELF. 677 464 194

GIRALDEZ
LA CAÑIZA TRANSPORTES

CB
Durán Barcia
Granitos
Polig. Rivadil
36880 A Cañiza
(Pontevedra)
Telf./Fax: 986 651 487
Móvil: 679 432 243
duranbarcia@ hotmail.com

TRANSPORTES
RUBEN
RUBÉN FERNÁNDEZ REINALDO ☎ 626 59 11 03

CONCELLO
DA CAÑIZA

saeplast

DEPUTACIÓN
PONTEVEDRA

DEPORTE
GALEGO

CLUBE
BALONMÁN
CAÑIZA